



CONCLUSIÓNS II XORNADAS EDUCANDO NA INFANCIA E NA ADOLESCENCIA.

Repensando a educación entre os 6 e 12 anos. Lugo, 3-10 marzo de 2012

“CONCLUSIÓNS ENCADENADAS”

A etapa de primaria, dos seis aos 12 anos, non é unha etapa de paso, de latencia. Ten sentido en si mesma. “Etapa máxica” que permite que o neno, a nena se desenvolvan en plenitude. Unha etapa na que se desenvolven funcións executivas básicas: tomar decisións, planificar, centrar a atención... así como o desenvolvemento de valores e a capacidade de empatía, esencial para poder convivir en harmonía cun mesmo e cos demais.

Porque na vida como na educación non se pode andar con ideas preconcebidas e actuar en función delas, porque corremos o risco de deixar de sorprendernos e de permitir que pasen cousas interesantes,... Favorecer a educación e o desenvolvemento das persoas que se atopan nesta etapa vital implica:

...PRIMEIRA CONCLUSIÓN:

A EDUCACIÓN é unha labor lenta, paciente, entusiasta... unha obra de arte cando se fai ben, un proxecto compartido que require a colaboración de NAIS e PAIS, ESCOLAS, COMUNIDADE.

A colaboración implica compartir, aprender xuntos, recoñecer o saber dos outros...require humildade, redistribución de poder, transparencia na actuación, tenacidade e xenerosidade.

Compartindo experiencias compártense aprendizaxes e emocións: gáñase coherencia e aproveitamento, complementariedade.

... SEGUNDA CONCLUSIÓN: A EDUCACIÓN ten que responder ao reto dunha sociedade en permanente avance e cambio (o 80% dos alumnos que cursan primaria desenvolverán funcións e traballos que hoxe descoñecemos). Por iso, precísase unha educación que favoreza o desenvolvemento de persoas competentes INTELLECTUAL E EMOCIONALMENTE, con ousadía para afrontar situacións descoñecidas, e con capacidade para analízalas e buscar as respostas, dentro dun marco que contribúa ao benestar persoal e social.

Para isto é necesario que a educación emocional forme parte obrigatoriamente do Currículo. **Percibimos, sentimos, pensamos e actuamos á vez, en cada momento, en comunidade. A escola debe optar pola harmonización do pensar e do sentir.** Nenos e nenas teñen que sentirse a gusto consigo mesmos para aprender. Quen está bloqueado emocionalmente é incapaz de aprender. A expresión corporal (ed. física integral) e a realización artística son fundamentais para a expresión e vivencia emocional, esenciais para a autorrealización de nenos e nenas.

... TERCEIRA CONCLUSIÓN A educación ten que PARTIR DOS DEREITOS E NECESIDADES das nenas e dos nenos e isto, só é posible, desde o desexo e o compromiso de mirar a infancia desde ela mesma e non só desde os coñecementos e perspectiva de adultos. Unha mirada para,

- Recoñecer a infancia, saber dela. Unha mirada que equivale a unha cultura da infancia como construtora e non mera consumidora de coñecementos.
- Miralos para saber en que están ocupados, non en que os ocupamos, para saber como aprenden, como comprobán, como crean unha lóxica do mundo.
- Unha mirada que nos axude a deseñar contextos de aprendizaxe nos que se respectan os tempos e ritmos persoais de aprendizaxe, que permita expresar a individualidade de cada neno e nena, os seus intereses; que permita tomar decisións e elixir.
- Un mirar que resalta a diferenza, o ser de cada quen como unha riqueza e un valor que hai que deixar fluír de forma natural para favorecer a normalización e a integración.

... CUARTA CONCLUSIÓN O PAPEL DO ADULTO E OS CONTEXTOS DE APRENDIZAXE

1. **Nenos e nenas precisan de adultos que cren neles e nas súas capacidades, e poñen as condicións necesarias para que se produzan aprendizaxes significativos.**
2. **Nenos e nenas precisan de adultos que organizan contextos de tal modo que nenos e nenas son os principais axentes do seu propio desenvolvemento, tomando decisións, buscando e creando as súas propias respostas que os manteñen interesados e motivados na busca e na aprendizaxe continua, esforzándose por coñecer e interpretar o mundo sen a necesidade de que os adultos (mestres ou pais/nais) lles insistan na importancia do que facer, xa que teñen o interese propio, interno ... as ganas de saber. Contextos **que favorecen a exploración, a experiencia, o movemento, a sensorialidade, o intercambio, que permiten repetir experiencias para observar, descubrir, comprobar,...****
3. **Nenos e nenas precisan de adultos que se preocupan por coñecer en que “están ocupados”; requiren de persoas preocupadas polos seus verdadeiros intereses e ocupacións: que os move en cada momento, en cada etapa vital.**
4. **Nenos e nenas precisan de adultos que os “acompañen” no proceso de aprendizaxe.**

... QUINTA CONCLUSIÓN:

A escola, como SERVIZO PÚBLICO que é ten que ser un lugar de cultura, non de adestramento, un espazo aberto, que participa na comunidade e a impulsa.

Por iso, a escola, os educadores precisan redefinir e repensar os contextos de colaboración, para que sexan verdadeiros ámbitos de participación e implicación....para que todos xuntos profesionais, familias, nenos e nenas e distintos membros da comunidade se comprometan e impliquen cara a mellora e benestar individual e colectivo.